

ÁMBITO

Localidade Castro de Rei - Cospeito
Comarca Lugo centro
Lugar de realización Biblioteca Vella

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 14

Nº de non militantes asistentes

Nº de militantes convocad@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local Isabel Buide

Representante do Consello Nacional Bernardo Valdês

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 2h 15min

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) Exposición inicial e depois debate aberto sentados arredor dunha mesa

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Tono xeral positivo. No debate interviron a maioría das e dos asistentes.

Non só se analizaron cuestións de ámbito nacional senón que moitas das intervencións se centraron na problemática das zonas rurais.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

No debate saíron un amplo abano de cuestións.

Con carácter xeral:

O proxecto hai que definilo non só pensando nas eleccións.

É importante renovar caras.

O conxunto do nacionalismo ten que facer autocrítica, falta unión e iso é un problema grave.

Nas últimas eleccións había moita xente que non sabía que o BNG participaba de Nós - Candidatura Galega.

Somos unha veciña ou un veciño mais, debemos estar coa xente como un máis.

Radiografía da Galiza de hoxe

Estamos nun mundo globalizado que condiciona a nosa sociedade: papel dos medios de comunicación, individualismo,...

O grao de participación social na actualidade é moi baixo. Ademais hai moita xente que non participa por medo, especialmente no rural; incluso hai medo á participación en actos meramente informativos por medo a ser vistos. Por iso é importante o mailing no rural, a inmensa maioría da xente ven co sobre e a papeleta da casa.

Ademais coa crise moitas persoas teñen medo a perder o que teñen, aínda que sexa pouco; isto acentúa o medo a moverse.

Para que as persoas participen socialmente é imprescindible a información, que as persoas estean informadas. Os medios de comunicación non informan senón que crean opinión.

Desde o poder utilízase a corrupción do PP/PSOE para xeralizar a idea de que todos son iguais, para fomentar a apatía.

É urxente tomar medidas para responder á crise no sector gandeiro.

A situación no rural é moi preocupante, non só pola crise agrogandeira senón porque a situación neste sector está afectando a moitos negocios que están ao seu redor. As nosas propostas tamén teñen que estar pensadas para esas persoas que non son gandeiros mais que viven indirectamente das gandeiras e dos gandeiros.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Estratexia política do nacionalismo galego

Debemos centrar os nosos esforzos nos problemas da sociedade, non en cuestións internas.

Debemos procurar acordos con outras organizacións, colaborar con outras organizacións, p. ex. de cara as eleccións unha ferramenta neste sentido pode ser a creación dun partido instrumental.

En moitas loitas nas que participamos non hai unha solución inmediata/fácil que ofrecerlle á xente. A nosa alternativa é a unión e a loita como ferramenta para gañar solucións. Sen embargo o que non haxa unha solución fácil desincentiva en moitos casos a participación.

Chegar a gobernar (sempre defendendo a túa ideoloxía) é fundamental para cambiar cousas.

A xente necesita propostas en positivo, ilusións.

En ocasións, en temas delicados, deixámonos levar pola corrente cando sería mellor ir contra corrente. Non debemos estar só nos sitios por saír na foto. Neste punto hai un debate sobre o tipo de actos nos que deberían participar ou non as nosas concelleiras.

Hai temas xerais aos que lles deberíamos prestar mais atención p.ex. TTIP.

Participación política e modelo organizativo

A día de hoxe falta comunicación dentro da organización, entre as/os militantes. Por exemplo hai cousas de información importantes que non chegan á militancia.

Tamén hai que mellorar o intercambio de información entre concellos próximos. Pode ser positivo celebrar asembleas de varios concellos.

Tamén falta información/formación para as/os concelleiras/os.

O nome de BNG é importante pero o mais importante é o proxecto non o nome.